



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN:

Polo Sr. arquitecto municipal, redactouse a memoria valorada denominada “OBRAS MENORES DE REPARACIÓN NO EDIFICIO DE SERVICIOS SOCIO-COMUNITARIOS DE O RAMAL”, cuxo presuposto se desagrega do seguinte xeito:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
49.824,04€	10.463,05€	60.287,09€

A citada memoria valorada foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de marzo de 2018.

A obra proxectada ten por obxecto a realización de diversas reparacións no edificio de servizos socio-comunitarios de O Ramal.

Debido á antigüidade e sistema construtivo do edificio é preciso realizar continuas obras de conservación a fin de manter o uso e o confort dos traballadores e usuarios.

Co obxecto de realizar o mantemento do edificio e impedir o seu deterioro é necesario executar as seguintes obras menores de reparación, as cales non cambiarán a imaxe do edificio e conservarán os seus elementos orixinais:

- Reparación das filtracións procedentes do exterior: Prodúcese filtración polas cornixas dos muros exteriores. Trátase dun problema que se ven producindo dende hai tempo e que se tentou de resolver coa colocación dunha lámina impermeabilizante adherida ó muro pero que na actualidade está desprendida e no cumpre a súa función.

- Reparación das fugas procedentes das instalacións: Hai varios puntos nas dependencias que presentan patoloxías graves por humidades que só poden vir das instalacións de auga xa que tales paramentos non están en contacto directo co exterior. Isto ven motivado porque as instalacións de fontanería, calefacción e mesmo as baixantes de pluviais discorren empotradas nos paramentos.

- Reparación dos acabados interiores: Pintaranse os locais afectados polas reparacións así como aqueloutros que presentan manchas por humidades antigas ou por condensacións. Tamén se substituirán os falsos teitos afectados por roturas, degradación ou danos estéticos.

- Reparación da carpintería e varandas: Os elementos de carpintería e varandas de fundición da planta ático presentan un mal aspecto estético e funcional. Restaurarase a carpintería orixinal de madeira para mellorar a súa funcionalidade e aspecto estético, así como as varandas de ferro.

O contrato ten por obxecto a execución dunha obra de acordo co disposto no art. 13 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

O valor estimado do contrato ascende a 49.824,04€.



A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.6 da Lei de contratos do sector público, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior a 80.000 €.

O contrato cofinanciarase pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra (Subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural) e o Concello de Vilagarcía de Arousa, do seguinte xeito:

Administración	Importe	Porcentaxe cofinanciación
Concello	32.363,73 €	53,68 %
Deputación Provincial de Pontevedra	27.923,36 €	46,32 %
Total	60.287,09€	100,00%

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación da obra de referencia e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.6 da Lei de contratos do sector público, tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratos do sector público (PLACSP).

Asdo.: Alberto Varela Paz
Alcalde-Presidente

